



No Salón de Sesións da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día **CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os sres. concelleiros D. José Antonio García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez e D. José Antonio Real Vázquez (ausentes o sr. concelleiro D. José Aurelio López López -previa excusa- e o sr. concelleiro D. Manuel López Armesto -sen excusa previa-), asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión “ordinaria” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1º.- A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ANTERIOR LEVADA A CABO EN DATA 03/08/2018 E OBSERVACIÓNS Á ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA EN DATA 06/04/2018.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior de data 06/04/2018, que lles foi entregado xunto coa orde do día. Non habendo observacións, queda aprobado nos termos nos que está redatado por unanimidade dos asistentes (sete votos a favor), sendo nove o número legal de membros.

A continuación o sr. alcalde quere manifestar nesta sesión ao único efecto de que conste na presente acta, unha observación á correspondente á da sesión de data 06/04/2018 a cal non fora advertida no momento da súa aprobación plenaria en data 01/06/2018, cando no punto 12º da orde do día relativo aos rogos e preguntas, na transcripción da súa resposta á pregunta número 5 plantexada polo voceiro do Grupo mixto (CxG-CCTT) sobre o tema do Pavillón e na que literalmente figura: “ - SR. ALCALDE.- *A auga entra porque hai árbores que caeron sobre os canalóns; hai que cortar as árbores culpables de que entre a auga. Haberá que requerirle á Consellería de Educación como dono do Pabellón.* ” , o que dixen foi como usuario do Pabellón e non dono.

2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deuse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o derradeiro Pleno coa súa posta a disposición aos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario (dende o nº 2018-0114 ata o nº 2018-0150).

O Pleno dáse por enterado.



3º.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS 2019.

O Sr. alcalde cede a palabra á secretaria-interventora municipal, a cal da conta aos Sres. concelleiros do Decreto de alcaldía nº 2018-0140 de data 14 de setembro, pola que se aproban as Liñas Fundamentais dos Orzamentos 2019 nos termos en que figuran no documento que figura como Anexo ao citado Decreto, elaborado consonte aos formularios base facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública, así como da remisión das mesmas ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da aplicación de captura habilitada na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais en data 14/09/2018. Optouse por remitir a información a través do Modelo Simplificado ao ter este Concello unha poboación inferior aos 5000 habitantes.

Tal e como figura no Decreto dita remisión efectúase ao abeiro do artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, a efectos de dar cumprimento aos requerimentos da normativa europea. O subministro da información realízase consonte ao establecido nos artigos 5 e 13 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvollen as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

O citado expediente nº 344/2018 de Liñas Fundamentais dos Orzamentos 2019 púxose a disposición dos sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

4º.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL 2018.

Visto que a Comisión Informativa Permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda na sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2018 ditaminou favorablemente por unanimidade dos seus catro membros asistentes (sendo seis o seu número legal de membros) a proposta de alcaldía obrante no expediente e que a continuación se transcribe:

“

Proposta da Alcaldía ao Pleno Corporativo

Expediente núm.: 362/2018

Procedemento: Modificación do Anexo de Persoal do Orzamento Xeral para o exercicio 2018.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o anexo de persoal para o vixente exercicio aprobado inicialmente xunto co Orzamento Xeral do exercicio 2018 polo Pleno Corporativo en sesión celebrada en data 1 de decembro de 2017, o cal quedou elevado automaticamente a definitivo tras a pertinente exposición pública sen que se efectuaron alegacións, e publicándose definitivamente no B.O.P. de Lugo nº 23 de data 29 de xaneiro de 2018.



Visto o preceptuado polo artigo 126 do R.D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e que literalmente se reproduce:

“Artículo 126

1. Las plantillas, que deberán comprender todos los puestos de trabajo debidamente clasificados reservados a funcionarios, personal laboral y eventual, se aprobarán anualmente con ocasión de la aprobación del Presupuesto y habrán de responder a los principios enunciados en el artículo 90.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril. A ellas se unirán los antecedentes, estudios y documentos acreditativos de que se ajustan a los mencionados principios.

2. Las plantillas podrán ser ampliadas en los siguientes supuestos:

a) Cuando el incremento del gasto quede compensado mediante la reducción de otras unidades o capítulos de gastos corrientes no ampliables.

b) Siempre que el incremento de las dotaciones sea consecuencia del establecimiento o ampliación de servicios de carácter obligatorio que resulten impuestos por disposiciones legales.

Lo establecido en este apartado será sin perjuicio de las limitaciones específicas contenidas en leyes especiales o coyunturales.

3. La modificación de las plantillas durante la vigencia del Presupuesto requerirá el cumplimiento de los trámites establecidos para la modificación de aquél.

...”

Visto que existen determinadas actividades e servizos do concello que veñen sendo realizadas por persoal laboral temporal e habida conta das necesidades estruturais ou permanentes a satisfacer coas mesmas, tense intención de que pasen a ser desempeñadas por persoal laboral fixo, polo que se daría o suposto sinalado no art. 126.2.a) do TRRL transcrito para a ampliación da plantilla de persoal, de xeito que o incremento do gasto de persoal (laboral fixo) quedaría compensado coa redución de gasto de persoal (laboral temporal).

Visto que adicionalmente e segundo acta emitida polo Servizo de Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a traballora social deste concello, a cal presta servizos nun total de 21 horas á semana (luns e venres presta servizo no concello de Triacastela), resulta insuficiente, xa que se precisa contar con un/unha traballador/a social como mínimo 30 horas á semana para cumprir a rateo de persoal técnico establecido para o programa de axuda no fogar sinalada no artigo 12.1 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar e ademais desenvolver programas de servizos sociais comunitarios básicos, polo que nos atoparíamos no suposto establecido no art. 126.2.b) do TRRL para poder ampliar a plantilla de persoal.

Vistos os fundamentos expostos se pretende ampliar a plantilla de persoal para o exercicio 2018 vía modificación do Anexo de persoal vixente o cal foi aprobado inicialmente polo Pleno Corporativo xunto co Orzamento Xeral en sesión de data 1 de decembro de 2017, e publicado definitivamente no B.O.P. de Lugo nº 23 de data 29 de xaneiro de 2018, e todo elo fundamentado no artigo 126 do R.D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) expediente para modificar o Orzamento.



Visto o informe emitido por secretaría-intervención, **ESTA ALCALDÍA SOMETE Á CONSIDERACIÓN DO PLENO CORPORATIVO, PREVIO DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, a cal segundo acordo plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, a seguinte PROPOSTA:**

PRIMEIRO. Ao abeiro do preceptuado no artigo 126 do TRRL, aprobar inicialmente a ampliación da plantilla de persoal que acompaña ao Orzamento Xeral para o exercicio 2018 que foi aprobado polo Pleno Corporativo en sesión ordinaria celebrada en data 1 de decembro de 2017 e publicado definitivamente no BOP de Lugo nº 23 de data 29 de xaneiro de 2018, vía modificación do Anexo de persoal, cuxa redacción tras a ampliación se adxunta como anexo.

SEGUNDO: Expoñer ao público a modificación así aprobada, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, para que os interesados poidan presentar as reclamacións correspondentes.

TERCEIRO: Considerar elevados a definitivos estes acordos en caso de que non se presente ningunha reclamación.

CUARTO: Remitirilles unha copia á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, simultaneamente á remisión ao Boletín Oficial da Provincia.

En Samos, na data da sinatura dixital da marxe.

O alcalde,
Asdo.- Julio Gallego Moure.

ANEXO DE PERSOAL CONCELLO DE SAMOS EXERCICIO 2018

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	Nº de dotacións	Nivel Cpto. de destino	Situación
FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN ESTATAL				
Secretaría-Intervención-Tesouraría	AI	1	26	Nomeamento provisional
FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL				
Administrativo	C1	1	19	Propiedade
Auxiliar administrativo	C2	1	18	Propiedade
Alguacil	E	1	10	Interinidade
FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
Subescala técnica				
Traballador social	A2	1 (media xornada)	21	Vacante



B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	Nº de dotacións	Situación
Encargado de obras e servizos	1	Propiedade
Operario Servizos Múltiples	1	Propiedade
Capataz	1	Vacante
Arquitecto	1	Vacante
AEDL	1	Vacante
Xerente de vivenda comunitaria	1	Vacante
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Propiedade
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Vacante
Asistente acompañante vivenda comunitaria	1	Propiedade
Coidadora vivendas comunitaria	2	Vacantes

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN	Nº de dotacións
Axudante de axuda a domicilio	7
Coidadora vivendas Comunitarias	4 (1 para cobertura vacacións persoal)
Capataz	1
Operario Servizos múltiples	1
AEDL	1
Conductor tractor	1
Xefe de brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	1
Peón brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	3
Peón conductor brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	1
Condutores vehículo motobomba (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	3
Informador turístico do Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as (Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés)	1

D) PERSOAL INTERINO:

DENOMINACIÓN POSTO	Nº de dotacións
Coidadora Vivenda Comunitaria	1

Sen que se produzan intervencións o Pleno Corporativo procede á votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo municipal socialista)

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Grupo mixto)

Sendo nove o número legal de membros, polo que a proposta de alcaldía sometida a consideración do Pleno resulta aprobada.



5º.- RETIRADA, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE SAMOS AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ASINADO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, MEDIANTE A POSTA EN MARCHA DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.

Visto que a Comisión Informativa Permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda na sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2018 ditaminou favorablemente por unanimidade dos seus catro membros asistentes (sendo seis o seu número legal de membros) a proposta de alcaldía de data 26/06/2018 que a continuación se transcribe:

“

Proposta de Alcaldía

Expediente nº: 519/2017

Asunto: Retirar a adhesión do Concello de Samos ao PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ASINADO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que o Pleno Corporativo en sesión ordinaria celebrada en data 1 de decembro de 2017 aprobou a adhesión deste concello ao Protocolo Xeral de Actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Visto que tras estudar os beneficios obtidos ata a data coa participación no citado Protocolo en relación coas posibles consecuencias da mesma a nivel orzamentario e de tesourería, se estima máis conveniente para os intereses deste concello retirar a adhesión ao mesmo.

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente por supoñer a modificación de distintas Ordenanzas Fiscais, PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, ADOPTE OS SEGUINTE ACORDOS:

PRIMEIRO.- Retirar a adhesión do Concello de Samos ao Protocolo Xeral de Actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", a cal fora aprobada polo Pleno Corporativo en sesión ordinaria de data 1 de decembro de 2017.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos Organismos correspondentes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE”



Visto que iniciado o debate o voceiro do Grupo mixto (CxG-CCTT) pregunta en qué repercute economicamente ao Concello á adhesión.

O alcalde contesta que puntuaba máis a efectos de concesión dalgunhas subvencións en materia de emprego, pero aínda que nos concederon máis traballadores, tramitado o proceso de selección resultou igual que se non estivéramos adheridos porque non demos contratado a todos os traballadores que nos concederon, e as bonificacións aprobadas repercuten negativamente na recadación, por eso se propón a retirada.

Rematado o debate sométese a proposta a votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo municipal socialista)

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Grupo mixto)

Polo que a proposta de alcaldía sometida a consideración do Pleno resulta aprobada.

6º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO ICIO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Visto que a Comisión Informativa Permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda na sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2018 ditaminou favorablemente por unanimidade dos seus catro membros asistentes (sendo seis o seu número legal de membros) a proposta de alcaldía obrante no expediente e que a continuación se transcribe:

“

Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo

Expediente nº: 361/2018

Procedemento: Modificación Ordenanza Fiscal ICIO.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que mediante acordo Plenario adoptado en sesión ordinaria de data 1 de decembro de 2017 aprobouse a modificación inicial da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), necesaria para a adhesión deste concello á iniciativa “Concellos Doing Business Galicia” a cal foi aprobada igualmente na mesma sesión plenaria. O citado acordo foi elevado automaticamente a definitivo ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición pública, publicándose a Ordenanza Fiscal así aprobada no BOP de Lugo nº 33 de data 9 de febreiro de 2018.

Visto que tras formular proposta para a súa presentación ao próximo Pleno Corporativo, previo ditame da Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, para a retirada da adhesión deste concello ao Protocolo Xeral de Actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a posta en marcha da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, se pretende a modificación do articulado da Ordenanza



Fiscal do ICIO, co fin de eliminar as bonificacións introducidas para o cumprimento dos compromisos asumidos por este concello tras a adhesión ao citado Protocolo.

Visto o informe de Secretaría- Intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polos artigos 133.2 y 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.3.n) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente en virtude do art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Instalacións, Construcións e Obras nos seguintes termos:

Donde dí:

“

BONIFICACIÓN

Art. 5º.

Ao abeiro do Ar. 103.2.a) do TRLRHAL poderase conceder unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase , previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

- ***Bonificación potestativa de ata o 95 por 100 no ICIO para supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego:***

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- ***Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo***
- ***Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo***
- ***Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo***

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.



Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.”

Pasa a dicir:

“

BONIFICACIÓNS

Art. 5º.

Non se establece bonificación potestativa algunha de entre as establecidas no artigo 103.2 do TRLFL”

SEGUNDO.- *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.*

TERCEIRO.- *O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non presentan reclamacións ao expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE”

Sen que se produzan intervencións o Pleno Corporativo procede á votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo municipal socialista)

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Grupo mixto)

Sendo nove o número legal de membros, polo que a proposta de alcaldía sometida a consideración do Pleno resulta aprobada.

7º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IAE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Visto que a Comisión Informativa Permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda na sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2018 ditaminou favorablemente por unanimidade dos seus catro membros asistentes (sendo seis o seu número legal de membros) a proposta de alcaldía obrante no expediente e que a continuación se transcribe:

“

Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo

Expediente nº: 359/2018

Procedemento: Modificación Ordenanza Fiscal IAE.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que mediante acordo Plenario adoptado en sesión ordinaria de data 1 de decembro de 2017 aprobouse a modificación inicial da Ordenanza Fiscal do Imposto de Actividades Económicas (IAE), necesaria para a adhesión deste concello á iniciativa “Concellos Doing



Business Galicia" a cal foi aprobada igualmente na mesma sesión plenaria. O citado acordo foi elevado automáticamente a definitivo ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición pública, publicándose a Ordenanza Fiscal así aprobada no BOP de Lugo nº 33 de data 9 de febreiro de 2018.

Visto que tras formular proposta para a súa presentación ao próximo Pleno Corporativo, previo ditame da Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, para a retirada da adhesión deste concello ao Protocolo Xeral de Actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", se pretende a modificación do articulado da Ordenanza Fiscal do IAE, co fin de eliminar as bonificacións introducidas para o cumprimento dos compromisos asumidos por este concello tras a adhesión ao citado Protocolo.

Visto o informe de Secretaría- Intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir,

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polos artigos 133.2 y 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.3.n) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente en virtude do art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS** a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, **A ADOPCIÓN DOS SEGUENTES ACORDOS:**

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas nos seguintes termos:*

Donde di:

Artigo 3º.- Bonificacións

1. Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de

marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- *Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- *Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- *Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.



Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.”

Pasa a dicir:

“

Artigo 3º.- Bonificacións

Os suxeitos pasivos terán dereito unicamente ás bonificacións que con carácter obrigatorio establece o artigo 88.1 do TRLFL. “

SEGUNDO.- *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.*

TERCEIRO.- *O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non presentan reclamacións ao expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE”

Sen que se produzan intervencións o Pleno Corporativo procede á votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo municipal socialista)

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Grupo mixto)

Sendo nove o número legal de membros, **polo que a proposta de alcaldía sometida a consideración do Pleno resulta aprobada.**

8º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Visto que a Comisión Informativa Permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda na sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2018 ditaminou favorablemente por unanimidade dos seus catro membros asistentes (sendo seis o seu número legal de membros) a proposta de alcaldía obrante no expediente e que a continuación se transcribe:

“

Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo

Expediente nº: 360/2018

Procedemento: Modificación Ordenanza Fiscal IBI.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que mediante acordo Plenario adoptado en sesión ordinaria de data 1 de decembro de 2017 aprobouse a modificación inicial da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens



Inmobles (IBI), necesaria para a adhesión deste concello á iniciativa "Concellos Doing Business Galicia" a cal foi aprobada igualmente na mesma sesión plenaria. O citado acordo foi elevado automaticamente a definitivo ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición pública, publicándose a Ordenanza Fiscal así aprobada no BOP de Lugo nº 33 de data 9 de febreiro de 2018.

Visto que tras formular proposta para a súa presentación ao próximo Pleno Corporativo, previo ditame da Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, para a retirada da adhesión deste concello ao Protocolo Xeral de Actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", se pretende a modificación do articulado da Ordenanza Fiscal do IBI, co fin de eliminar as bonificacións introducidas para o cumprimento dos compromisos asumidos por este concello tras a adhesión ao citado Protocolo.

Visto o informe de Secretaría- Intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polos artigos 133.2 y 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.3.n) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente en virtude do art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS** a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, **A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles nos seguintes termos:*

Donde dí:

“

ARTIGO 5. BONIFICACIÓN

1.- Gozarán dunha bonificación do 50 da cota integra do Imposto, sempre que así se solicite, a favor dos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta.

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do inicio das obras, acompañando a seguinte documentación:

1. Declaración sobre a data prevista de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate.

2. Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.



3. *Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade, mediante copia compulsada da Escritura de propiedade, certificación do Rexistro da Propiedade ou alta catastral.*

4. *Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade ou fotocopia compulsada do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a efectos do Imposto de Sociedades.*

5. *Fotocopia compulsada da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou xustificación da exención de devandito Imposto.*

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras até o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese período sexan realizadas efectivamente obras de urbanización ou construción. En ningún caso poderá exceder de tres períodos impositivos.

2.- *As vivendas de protección oficial e as que resulten equivalentes a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.*

Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e terá efectos no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- *Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto de Vivenda e Solo*
- *Fotocopia da escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude*

3.- *Establecese unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto, ao que se refire o artigo 153 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a favor dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.*

4.- *Establecese unha bonificación do 50% da cota a favor das vivendas de protección oficial unha vez transcorridos os tres anos desde o outorgamento da cualificación definitiva. A duración da presente bonificación será de 3 anos.*

Para obter esta bonificación será necesario presentar:

1. *Escrito de solicitude.*
2. *Certificado de que o devandito inmovible é o domicilio habitual do solicitante.*

5. *Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmovibles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o*



Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- *Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- *Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- *Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.

6. As bonificacións establecidas neste ARTIGO non serán compatibles entre si nin acumulables.”

Pasa a dicir:

“

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1.- Gozarán dunha bonificación do 50 da cota íntegra do Imposto, sempre que así se solicite, a favor dos inmobles que constituían o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta.

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do inicio das obras, acompañando a seguinte documentación:

- 1. Declaración sobre a data prevista de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate.*
- 2. Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.*
- 3. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade, mediante copia compulsada da Escritura de propiedade, certificación do Rexistro da Propiedade ou alta catastral.*
- 4. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade ou fotocopia compulsada do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a efectos do Imposto de Sociedades.*

5. Fotocopia compulsada da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou xustificación da exención de devandito Imposto.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras até o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese período sexan realizadas efectivamente obras de urbanización ou construción. En ningún caso poderá exceder de tres períodos impositivos.



2.- *As vivendas de protección oficial e as que resulten equivalentes a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.*

Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e terá efectos no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- *Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto de Vivenda e Solo*
- *Fotocopia da escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude*

3.- *Establecese unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto, ao que se refire o artigo 153 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a favor dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.*

4.- *Establecese unha bonificación do 50% da cota a favor das vivendas de protección oficial unha vez transcorridos os tres anos desde o outorgamento da cualificación definitiva. A duración da presente bonificación será de 3 anos.*

Para obter esta bonificación será necesario presentar:

1. *Escrito de solicitude.*
2. *Certificado de que o devandito inmovible é o domicilio habitual do solicitante.*

5. *As bonificacións establecidas neste ARTIGO non serán compatibles entre si nin acumulables."*

SEGUNDO.- *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.*

TERCEIRO.- *O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non presentan reclamacións ao expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE"

Sen que se produzan intervencións o Pleno Corporativo procede á votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo municipal socialista)

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Grupo mixto)



Sendo nove o número legal de membros, polo que a proposta de alcaldía sometida a consideración do Pleno resulta aprobada.

9º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA FIXACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2019.

O sr. alcalde le a súa proposta obrante no expediente e que se transcribe a continuación:

“

Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo

Expediente nº: 369/2017

Procedemento: Fixación Festas Locais para o ano 2019.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que dacordo coa normativa vixente, e en concreto os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983 do 28 de xullo, corresponde ao Pleno do Concello fixar os dous días de festas locais para o ano 2019 no concello.

Visto que tales festas non deben coincidir en domingo nin en ningún dos días sinalados como festivos autonómicos ou de ámbito estatal os cales son:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis (Domingo)
19 de marzo	San Xosé
18 de abril	Xoves Santo
19 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada (Domingo)
25 de decembro	Nadal

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Sinalar como festas locais do Concello de Samos para o ano 2019 os seguintes:



FESTIVIDADE	DATA
Martes de Entroido	5 de marzo
Luns de San Benito	8 de xullo

SEGUNDO: Dar traslado deste Acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Delegación Territorial de Lugo.

O alcalde,
Asdo.- Julio Gallego Moure.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.”

O sr. alcalde advirte da existencia dun erro na proposta de alcaldía obrante no expediente xa que a data que se corresponde coa festividade do luns de San Benito non é o día 8 de xullo de 2019 senón o 15 de xullo de 2019, polo que a proposta que se somete á consideración plenaria ten que modificarse nestes termos.

Se producen as intervencións seguintes:

- Sr. Real, voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT): manifesta que non entende por qué se propón o martes de Entroido xa que en Samos non hai nin xente nin nada, é un día perdido, era mellor fixar un venres calquera e así polo menos facían ponte os funcionarios do concello. Fai anos aínda había baile pero agora non hai nada. Eu sigo propoñendo a festividade de San Xulián, o día 9 de xaneiro.

- Sr. alcalde: o baile se pode facer. En canto á festividade de San Xulián, depende da cándoo coincida, podería coincidir a metade de semana ou mesmo en sábado.

Tras un breve debate, procedeuse á votación ordinaria, e por seis votos a favor dos Sres. concelleiros do Grupo municipal socialista, un voto en contra do Sr. concelleiro do Grupo mixto e ningunha abstención, sendo nove o número legal de membros, o Pleno Corporativo en votación ordinaria **acorda:**

PRIMEIRO: Sinalar como festas locais do Concello de Samos para o ano 2019 os seguintes:

FESTIVIDADE	DATA
Martes de Entroido	5 de marzo
Luns de San Benito	15 de xullo

SEGUNDO: Dar traslado deste Acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Delegación Territorial de Lugo.



10º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPARE A PISTA QUE, PARTINDO DA ESTRADA DE SAMOS A SARRIA POR PINTÍN, CONDUCE AO POBO DE SAN XIL E AO CONCELLO DE TRIACASTELA.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-1475 en data 1 de outubro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pista que , partindo da estrada de Samos a Sarria por Pintín , conduce ó pobo de San Xil e ó veciño Concello de Triacastela , presenta un estado que xa pasa de lamentable , con fochancas que en algún tramo son imposibles de esquivar , pois ata o pequeno arranxo que fixera fai tempo o Concello , botando cemento nun pequeno tramo na subida de Riocabo , xa está desfeito.

ACORDO

1º.-Que se repare dita pista , xa ben sexa bacheando ou cun arranxo completo, antes de que se deixe de poder transitar por ela. “

Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE.- Todas esas carreteras (xa o dixen outras veces) sabe vostede perfectamente que está a Deputación pendente de asfaltalas, e que se van a amañar nun tempo prudente.
- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pasei onte por alí e estaban así.

Rematadas as intervencións procédese coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, **polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.**



11º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPARE A PISTA QUE SAE DE RENCHE CARA O POBO DE LASTRES, COÑECIDA COMO “A CARRONZA”.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-1476 en data 1 de outubro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na pista que sae de Renche cara o pobo de Lastres , coñecida como a Carronza , aparte do seu mal estado en xeral , formouse un burato bastante grande

Polo que , propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.-Que se repare dita pista e se proceda a tapar ese grande burato por constituir un perigo para persoas e animais que por ela transitan. “

Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE.- Como sabe é Camiño Francés e ten unha empresa de mantemento, nós xa lle reclamamos varias veces, terán que amañala. Os que teñen a responsabilidade do Camiño que o coiden que para iso é BIC.
- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Xa sei que é Camiño Francés, pero hai catro anos en época de eleccións, tapouse o burato, poderíase volver a tapar.
- SR. ALCALDE.- Haberá que volver a reclamar.

Non habendo máis intervencións procédese coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha



Sendo nove o número legal de membros, **polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.**

12º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPARE A PISTA QUE CONDUCE AO POBO DE TEIBILIDE POLO LADO DO CAMPO DA FESTA.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-1477 en data 1 de outubro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pista que conduce ó pobo de Teibilide polo lado do campo da festa , presenta un estado de total abandono.

Polo que , propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.-Que se reparen dita pista tapando os baches que nela se formaron ou se proceda a un asfaltado total da mesma. “

Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE.- Repítole que van ser asfaltadas pola Deputación próximamente. Xa viu vostede que se asfaltaron unhas cantas e seguiremos coas que quedan, aínda que a vostede non lle gusta moito que as amañemos. Non se preocupe que serán asfaltadas.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non me preocupo, seguro que antes de maio as asfalta. A mín sí que me gusta que se asfalte e que esté todo ben asfaltado no Concello.

- SR. ALCALDE.- Como xa se van a amañar, imos votar en contra.

Rematadas as intervencións procédese coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:



Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, **polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.**

13º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE INICIEN OS ESTUDOS E XESTIÓNS NECESARIOS PARA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN, A TRAVÉS DA CORRESPONDENTE ORDENANZA FISCAL REGULADORA, DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU HIDROCARBUROS.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-1478 en data 1 de outubro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Supremo ven de determinar en varias sentenzas que os concellos comecen a valorar como construcións ás liñas instaladas polas compañías eléctricas de alta tensión e as canalizacións de gas, á hora de calcular a base impoñible do custo por uso do dominio público nas que se sitúan.

Os fallos contrarios ás empresas Unión Fenosa, Gas Galicia ou Rede Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico que fan uso do dominio público para o transporte da enerxía eléctrica requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización ou aproveitamento deste.

A Lei Reguladora das Facendas Locais establece que as empresas eléctricas, auga, gas ou hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico por atravesar o dominio público local, aínda que non subministren. Porén, e aprobadas esas ordenanzas reguladoras nalgún dos concellos para fixar esa obriga, as empresas nunca aboaron esa taxa, acudindo aos tribunais contra as entidades locais impulsoras.

Estas recentes sentenzas emitidas polo TS avalan o cálculo das taxas dacordo cun estudo técnico-económico onde se empregan criterios coma a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalación, e a base impoñible é o resultado de realizar o produto dese valor da instalación ao coeficiente de relación co mercado e a



ocupación en metros cadrados que corresponde a cada metro lineal. Polo tanto, a idea é a de establecer o valor que lle corresponde ao aproveitamento ou uso do que gozan as empresas destes aproveitamentos privativos que atravesan o solo que é propiedade municipal.

Desta forma, a taxa que deberían pagar situaríase entre os 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalación de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión-baixa, media ou alta, e no que atinxe ao transporte de gas, entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Con estas sentenzas pónse de manifestó a legalidade de gravar a utilidade que lle reporta a estas empresas a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte de todos, e que en moitas ocasións implica a exclusión doutros usos, para unha actividade industrial consistente no transporte e distribución de enerxía eléctrica, de auga, de gas ou hidrocarburos.

Polo exposto anteriormente, é necesario iniciar canto antes os procedementos e trámites para poder facer efectiva a taxa pola utilización e aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalación de transporte de enerxía eléctrica, hidrocarburos ou gas.

Con esta taxa poderase mellorar o nivel de recadación do noso concello. , e xa que as Compañías eléctricas non teñen consideración para con nós a hora de subir o prezo da luz.

Propoño a Pleno os seguintes:

ACORDOS

Que o Concello De Samos inicie os estudos e xestións necesarios para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, auga, gas ou hidrocarburos, e o seu cobro en beneficio do municipio, segundo a doutrina marcada polas sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan. “

Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE.- Pois voulle ler a vostede o que dí a FEMP ao respecto disto:

“

La Femp advierte a los ayuntamientos del esfuerzo económico que supone realizar el perceptivo informe técnico-económico y la posterior defensa jurídica de la Ordenanza ante una previsible impugnación.

Un esfuerzo que podría resultar antieconómico en comparación con el escaso rendimiento del tributo. Por ello recomienda valorar previamente este aspecto antes de impulsar la aprobación de una ordenanza.”



- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Houbo concellos que se beneficiaron. Trátase dunha proposta para que o concello valore se pode ser ou non.

- SR. ALCALDE.- Debería ser a Deputación a que o fixera. Nós non temos problema pero se ao final o impugnan estamos catro anos parados despois de tanto traballo. Por todo elo imos a votar en contra.

Rematadas as intervencións procédese coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, **polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.**

14º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) RELATIVA Á REVISIÓN DA FACTURACIÓN ELÉCTRICA.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-1479 en data 1 de outubro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns día 17 de marzo, Compromiso por Galicia denunciou públicamente a facturación fraudulenta de Gas Natural Fenosa a Concellos galegos, por enerxía reactiva no alumeadado público, con contratos de tarifa simple de baixa tensión, do tipo 2.0 DHA, con discriminación horaria.

Despois do recoñecemento da facturación ilegal ao Concello de Vilar de Santos por parte de Gas Natural Fenosa e de que o Servizo de Consumo da Xunta de Galicia, iniciara un expediente sancionador contra esta empresa enerxética, a raíz da denuncia previa formulada polo devandito Concello de Vilar de Santos, pensamos que é procedente que todos, administracións públicas e particulares, revisen as súas facturas, pero tamén é o momento de que os organismos reguladores e os encargados de velar por que se cumpra a legalidade vixente, actúen para que as empresas enerxéticas deixen de inmediato de cometer este fraude, e o mesmo tempo reintegren a totalidade das cantidades cobradas de xeito indebido.



A normativa aplicable á materia é o Real Decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica. Tamén se debe ter presente o Artigo 1966 do Código Civil, ao establecer que deberán de revisarse, polo menos, todas as facturas emitidas durante os cinco (5) últimos anos completos.

Tendo en conta que o Concello de Samos, pode estar tamén afectado por esta práctica de facturación fraudulenta levada a cabo desde o ano 2001 polas empresas enerxéticas e que a factura eléctrica é unha das principais partidas de gasto que ten que afrontar o noso concello e polo que o grupo municipal de Compromiso por Galicia, solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. Que se proceda á revisión de toda a facturación eléctrica, principalmente a do alumeadado público con contratos de tarifa simple de baixa tensión con discriminación horaria, cando menos dos últimos cinco anos, para comprobar si é correcta.
2. Que o grupo de goberno esixa ao Servizo de Consumo da Xunta de Galicia que realice un control na facturación, realizando unha mostraxe da facturación efectuada nos últimos cinco anos a particulares e empresas do noso concello, a fin de comprobar que se lle está facturando correctamente para evitar unha situación coma a que está a suceder coa facturación das administracións públicas.
3. Que o Concello canalice as posibles reclamacións na facturación ao Servizo de Consumo
4. Solicitalle á Xunta de Galicia, que a través da Consellería de Economía e Industria que adopte as medidas necesarias, a fin de revisar a facturación a concellos, empresas e particulares, das empresas eléctricas que operan en Galicia, e resolver o que proceda, no caso de constatar importes indebidos por enerxía reactiva. E se for o caso, esixirlle que procedan á refacturación inmediata e á devolución íntegra do indebidamente cobrado.
5. Instar á FEGAMP a que se pronuncie a respecto das facturacións indebidas aos concellos por enerxía reactiva e que poña a disposición do conxunto de concellos afectados en Galicia os medios técnicos e xurídicos necesarios para realizar as oportunas reclamacións xudiciais, no caso de que as eléctricas non accedan a reintegrar a totalidade das cantidades facturadas de xeito indebido.“

Rematada a lectura da moción se producen as intervencións seguintes:



- SR. ALCALDE.- Vostede presenta unha moción na que fala do “pasado luns día 17 de marzo” e se non se equivoca o calendario, era sábado. Debe traballar un pouco máis e non traer unha moción de hai catro anos á que únicamente lle fixeron unha fotocopia pola falta de ideas e propostas.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- É unha moción que presenta o noso partido en todos os concellos e o erro de transcripción non creo que sexa o importante.

- SR. ALCALDE.- Tamén dí vostede que se revisen os últimos cinco anos, e un informe da Comisión Nacional de Enerxía aprobado no 2013 determina que non cabería esixir refacturación por períodos superiores a un ano. O decreto é o 1955/2000. Cando vostede presente unha moción que se entenda, estudarémosla, agora imos votar en contra.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- ¿Non entende a moción?, quero que conste en acta que dí que rexeita a moción por estar mal presentada, e está ben presentada.

Tras un breve debate procédese coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, **polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.**

15º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS** e cede a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ao presentado en escrito con R.X. nº 2018-E-RC-1480 en data 1 de outubro, e que a continuación se transcribe:

“1.- Que se limpe e arranxe o teito da fonte do Camiño da Beicela en Manxar.”

- SR. ALCALDE.- Pasaremos a miralo e veremos cómo está.

Non habendo máis rogos, inicia a quenda de **PREGUNTAS** e cede a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X. nº 2018-E-RC-1480 en data 1 de outubro, e que a continuación se transcriben:

“1.- Cando se vai colocar o espello que permita ver o tráfico e poder realizar manobra con seguridade ós vehículos que saen da rúa da Torre?”



- SR. ALCALDE.- Nós colocaríamolo, pero sen a autorización da COTOP non podemos facelo.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Quedou aprobado en decembro de 2015, volvemos a recordarllo no 2017, e aínda non se fixo.

“2.- Cando vai a empezar o arranxo das pistas de Gontan a Pascais , Pascais a Manxar , e de Manxar a Samos ?”

- SR. ALCALDE.- Algunha destas vaina a amañar a Deputación e as outras cando teñamos os medios oportunos.

Non se formulan máis preguntas.

Antes de que o Sr. alcalde levante a sesión, toma novamente a palabra o Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para plantexar dous asuntos que non lle deu tempo a presentar por escrito, pero que non necesitan resposta:

1.- No Camiño de Lusío a Triacastela caeron unhas árbores e está moi perigoso.

O sr alcalde sinala que haberá que ver quen é o titular do predio no que se localizan, e tampouco se sabe se é público.

2.- As últimas actas da Xunta de Goberno Local que recibimos son do 16/05/2018, así que pedimos que se nos faciliten as posteriores.

O sr. alcalde dí que hai moita burocracia no concello, pero que non obstante teñen a súa disposición toda a documentación. Toma a palabra a secretaria municipal para manifestar que en breve se lles remitirán.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e cincuenta minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,